

CONVOCATORIA	BOPPO 16/12/2024, NÚM. 43 (exp. 2024018830)
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DUN/HA URBANISTA COMO FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL RÍO MIÑO 2024-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	13/03/2025

1. Segundo o teor literal do art. 23.1 da Constitución Española, teñen o dereito para participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal:

- a) Os cidadáns
- b) Os españois
- c) As persoas
- d) Os nacionais

2. De conformidade co sinalado expresamente no art. 19 da Constitución Española, teñen dereito a elixir libremente a súa residencia e a circular polo territorio nacional:

- a) Todos os cidadáns
- b) Toda persoa
- c) Os españois
- d) Todos

3. Segundo o art. 76.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

- a) No prazo de dez días desde a presentación da solicitude
- b) Nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince desde que se inicia o procedemento
- c) En calquera momento do procedemento
- d) En calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia

4. O art. 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e de acordo cos requisitos que sinala o artigo 26:

- a) No prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor
- b) No prazo de quince días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor
- c) No prazo de vinte días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor
- d) No prazo de trinta días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor

5. Segundo o art. 33.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a aprobación dos plans de carácter provincial correspóndelle a:

- a) O Presidente da Deputación
- b) A Xunta de Goberno provincial
- c) O Pleno da Deputación, en todo caso
- d) A Comisión Territorial de Administración Local, integrada por representantes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma que corresponda e da Administración Local

6. Segundo o art. 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, nas Deputacións Provinciais, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo:

- a) Cada semana
- b) Cada quince días
- c) Cada mes
- d) Cada dous meses

7. Segundo o art. 15 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos teñen os seguintes dereitos individuais que se exercen de forma colectiva (sinale a resposta incorrecta):

- a) O dereito a reunión
- b) O dereito a folga
- c) O dereito á liberdade sindical
- d) O dereito á libre asociación profesional

8. Segundo o artigo 4 da Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, para os efectos previstos no artigo 5.1.d) do Regulamento (UE) 2016/679, non será imputable ao responsable do tratamento, sempre que este adoptase todas as medidas razoables para que se supriman ou rectifiquen sen dilación, a inexactitude dos datos persoais, con respecto aos fins para os que se tratan, cando os datos inexactos (sinale a resposta incorrecta):

- a) Foran obtidos directamente polo responsable
- b) Foran obtidos polo responsable dun mediador ou intermediario no caso de que as normas aplicables ao sector de actividade ao que pertenza o responsable do tratamento establecesen a posibilidade de intervención dun intermediario ou mediador que recolla en nome propio os datos dos afectados para a súa transmisión ao responsable. O mediador ou intermediario asumirá as responsabilidades que puidesen derivarse no suposto de comunicación ao responsable de datos que non se correspondan cos facilitados polo afectado
- c) Foran sometidos a tratamento polo responsable por recibilos doutro responsable en virtude do exercicio polo afectado do dereito á portabilidade conforme o artigo 20 do Regulamento (UE) 2016/679 e o previsto nesta lei orgánica
- d) Foran obtidos dun rexistro público polo responsable

9. De conformidade co disposto no Título III/III, "Dereitos das persoas", da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal dos seguintes non se recolle expresamente como un dereito das persoas para a protección dos seus datos persoais?:

- a) Dereito de acceso
- b) Dereito de rectificación

- c) Dereito de exclusión
- d) Dereito de oposición

10. Segundo a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, ¿que documento establece os criterios e principios básicos para a ordenación territorial en Galicia?:

- a) Os Plans Territoriais Integrados
- b) Os Plans Básicos Autonómicos
- c) As Directrices de Ordenación do Territorio
- d) Os Proxectos de Interese Autonómico

11. Segundo a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, ¿cal é o obxectivo principal dos Plans Territoriais Integrados en Galicia?:

- a) Ordenar a actividade económica das grandes cidades
- b) Establecer a planificación dos grandes equipamentos e infraestruturas de interese supramunicipal
- c) Regular a distribución da vivenda en áreas rurais
- d) Protexer as zonas naturais de especial interese

12. Segundo a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, ¿cal das seguintes opcións é unha característica dos bens de dominio público marítimo-terrestre?:

- a) Poden ser adquiridos por particulares mediante contrato de compravenda co Estado
- b) Son de uso común e non poden ser obxecto de actos de disposición por parte das administracións públicas
- c) Poden ser transformados en bens de dominio privado a través dun proceso de urbanización
- d) Son de uso exclusivo para a construción de instalacións comerciais e turísticas

13. Segundo a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, ¿cal é a distancia xeral da servidume de protección que debe existir desde o límite interior da ribeira do mar?:

- a) 5 metros desde o límite interior da ribeira do mar
- b) 20 metros desde o límite interior da ribeira do mar
- c) 100 metros desde o límite interior da ribeira do mar
- d) 200 metros desde o límite interior da ribeira do mar

14. Segundo a Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) A servidume de tránsito recaerá sobre unha franxa de 6 metros, medidos terra dentro a partir do límite interior do dominio público marítimo-terrestre
- b) En lugares de tránsito difícil ou perigoso a anchura da servidume de tránsito poderá ampliarse no que resulte necesario, ata un máximo de 10 metros
- c) A servidume de acceso público e gratuito ao mar recaerá sobre os terreos lindeiros ou contiguos ao dominio público marítimo-terrestre, na lonxitude e anchura que demanden a natureza e finalidade do acceso
- d) A servidume de tránsito non poderá ser ocupada para a execución de paseos marítimos

15. Segundo a Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, ¿qué aspecto se prioriza na tramitación de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese?:

- a) A rapidez nos prazos de tramitación, sen considerar os impactos ambientais nin sociais
- b) A simplificación dos procedementos administrativos, asegurando a maior axilidade posible sen prexuízo da legalidade
- c) A necesidade de realizar estudos exhaustivos de viabilidade económica, mesmo se isto atrasa a execución do proxecto
- d) A exclusión da participación pública na toma de decisións sobre os proxectos

16. Atendendo ao indicado no Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) As ramplas terán unha pendente máxima do 12 por 100 cando a súa lonxitude sexa menor que 3 metros, do 10 por 100 cando a súa lonxitude sexa menor que 10 metros ou do 8 por 100 no resto dos casos
- b) As ramplas terán unha pendente máxima do 10 por 100 independentemente da lonxitude das mesmas
- c) As escaleiras de servizo terán unha anchura mínima de 1 metro
- d) As ramplas terán unha pendente máxima do 10 por 100 cando a súa lonxitude sexa menor que 3 metros ou do 8 por 100 no resto dos casos

17. Segundo o art. 8 do Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, as determinacións do Plan básico autonómico terán:

- a) Carácter complementario nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal
- b) Carácter complementario nos concellos que dispoñan de plan urbanístico municipal, podendo modificar a clasificación do solo e alterar algunha das determinacións do plan
- c) Carácter vinculante nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal
- d) As respostas b) e c) son correctas

18. Segundo o art. 10 do Decreto 83/2018, de 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, o plan básico autonómico ten por obxecto:

- a) A delimitación dos núcleos rurais existentes, segundo a análise do modelo de asentamento poboacional
- b) A delimitación dos terreos que reúnan os requisitos esixidos para ser clasificados como solo urbano
- c) A delimitación das afeccións derivadas da lexislación sectorial
- d) A regulación dos usos do solo e da edificación

19. Segundo o art. 17 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o solo urbano non consolidado está integrado por:

- a) Terreos nos que sexa necesario incrementar as dotacións públicas para reaxustar a súa proporción coa maior edificabilidade ou cos novos usos asignados na ordenación urbanística, sen requirir a reforma ou renovación da urbanización
- b) Terreos que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo plan urbanístico, poidan adquirir a condición de soar mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse de forma simultánea coas de edificación
- c) Terreos que o plan estime necesarios e adecuados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística
- d) Terreos que reúnan a condición de soar

20. Segundo o art. 26da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, nos núcleos rurais comúns están prohibidas as seguintes actuacións:

- a) A demolición das construcións existentes, en todo caso
- b) As vivendas adosadas
- c) Os novos tendidos aéreos
- d) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no plan

21. Segundo o art. 34 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de solo rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria
- b) O plan xeral poderá excluír xustificadamente do solo rústico de especial protección os terreos necesarios para o desenvolvemento urbanístico racional, previo informe favorable do órgano competente en materia de urbanismo
- c) O solo rústico de protección das augas está constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano definidos como dominio público hidráulico na respectiva lexislación sectorial e as súas zonas de policía. Aos efectos do previsto neste apartado, non se entenderán incluídas as zonas de fluxo preferente

d) O solo rústico de protección de costas está constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano que se atopen dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre e os delimitados como áreas de protección intermareal no Plan de ordenación do litoral

22. Segundo o art. 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de chan rústico:

a) Poderán ser destinadas a usos terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais previa autorización da persoa titular do órgano autonómico competente en materia de urbanismo con anterioridade á obtención do título habilitante municipal

b) Poderán ser destinadas a usos terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais previa obtención do título habilitante municipal

c) Permitirase a súa reforma, rehabilitación e reconstrución e a súa ampliación, salvo en volume independente, sen que a ampliación poida superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional

d) As respostas b) e c) son correctas

23. Segundo o art. 21 do Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, está na situación de solo urbanizado, o solo para o que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevexan o seu paso á situación de solo urbanizado:

a) Aínda que non se teña iniciado a correspondente actuación de urbanización

b) Cando se aprobe o plan que conteña a actuación de urbanización

c) Cando se inicie a correspondente actuación de urbanización

d) Cando se termine a correspondente actuación de urbanización

24. Segundo o art. 351 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba do Regulamento da Lei do solo de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que fosen procedentes:

a) Os muros de contención de terras cando a súa altura sexa igual ou superior a dous metros

b) A implantación de calquera instalación de uso residencial

- c) As intervencións en inmobles catalogados
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

25. Segundo os arts. 357 e 359 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba do Regulamento da Lei do solo de Galicia, no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de iniciación e finalización das obras, no seu defecto:

- a) O prazo de iniciación non poderá exceder o tres meses e o de terminación os dos anos
- b) O prazo de iniciación non poderá exceder o seis meses e o de terminación os dos anos
- c) O prazo de iniciación non poderá exceder o seis meses e o de terminación o tres anos
- d) O prazo de iniciación non poderá exceder o tres meses e o de terminación o cinco anos

26. Segundo o Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, cal das seguintes afirmacións é correcta?:

- a) O director de obra controlará a execución de cada unidade de obra verificando o seu replanteo, os materiais que se utilicen, a correcta execución e disposición dos elementos construtivos e das instalacións
- b) O director de obra verificará se as avaliacións técnicas de idoneidade para o uso previsto de sistemas innovadores, son suficientes para a aceptación dos sistemas amparados por ela
- c) Cando no desenvolvemento das obras interveñan diversos técnicos para dirixir as obras de proxectos parciais, farano baixo a coordinación do director de obra
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

27. Segundo o Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, a efectos de aplicación do CTE, enténdese por intervención nos edificios existentes:

- a) Conservación: aquelas dirixidas a que os inmobles conserven as súas características e os seus elementos en adecuadas condicións

- b) Ampliación: aquelas en as que se incrementa a superficie ou o volume construídos
- c) Rehabilitación: calquera traballo ou obra nun edificio existente distinto do que leve a cabo para o exclusivo mantemento do edificio
- d) Cambio de actividade

28. Segundo o art. 17 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, son contratos de servizos:

- a) Os de fabricación, polos que a cousa ou cousas que haxan de ser entregadas polo empresario deban ser elaboradas conforme características peculiares fixadas previamente pola entidade contratante, aínda cando esta se obrigue a achegar, total ou parcialmente, os materiais precisos
- b) Aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario
- c) Aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente
- d) Aqueles en cuxa virtude un ou varios poderes adxudicadores encomendan a título oneroso a unha ou varias persoas, naturais ou xurídicas, a xestión dun servizo cuxa prestación sexa da súa titularidade ou competencia, e cuxa contrapartida veña constituída ben polo dereito para explotar os servizos obxecto do contrato ou ben polo devandito dereito acompañado do de percibir un prezo

29. Segundo o art. 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o valor estimado dos contratos será determinado como segue:

- a) No caso dos contratos de obras, o órgano de contratación tomará o importe total, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadoiro segundo as súas estimacións

- b) No caso dos contratos de obras, o órgano de contratación tomará o importe neto da cifra de negocios, sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido, que segundo as súas estimacións, xerará a empresa concesionaria durante a execución do mesmo como contraprestación polas obras obxecto do contrato
- c) No caso dos contratos de obras, o órgano de contratación tomará o límite máximo de gasto que en virtude do contrato poida comprometer, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario
- d) No caso dos contratos de obras, o órgano de contratación tomará o importe total, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, pagadoiro segundo as súas estimacións

30. Segundo o art. 243 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, indique cal das seguintes afirmacións é correcta en relación coa recepción das obras:

- a) Se se atopan as obras en bo estado e conforme as prescricións previstas, o facultativo encargado da dirección das obras daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía
- b) Dentro do prazo de un mes contado a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato no prazo previsto nesta Lei
- c) Á recepción das obras á súa terminación e para os efectos establecidos nesta Lei, concorrerán o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo
- d) Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o tivese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato

31. Segundo o art. sétimo da Resolución da Deputación provincial de Pontevedra 2018020388 de normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento, indique cal das seguintes afirmacións é correcta en relación co acto de recepción:

- a) Con carácter xeral, prevese a convocatoria e asistencia preceptiva ao acto de recepción material do/a responsable do contrato e un representante designado pola Intervención quen poderá acudir acompañado dun asesor/a
- b) Con carácter xeral, prevese a convocatoria e asistencia preceptiva ao acto de recepción material do/a representante da administración e un representante designado pola Intervención quen poderá acudir acompañado dun asesor/a
- c) Con carácter xeral, prevese a convocatoria e asistencia preceptiva ao acto de recepción material do/a responsable do contrato, representante da administración e un representante designado pola Intervención quen poderá acudir acompañado dun asesor/a
- d) Con carácter xeral, prevese a convocatoria e asistencia preceptiva ao acto de recepción material do/a responsable do contrato, representante da administración, un representante designado pola Intervención quen poderá acudir acompañado dun asesor/a e a entidade adxudicataria ou contratista

32. Segundo o art. undécimo da Resolución da Deputación provincial de Pontevedra 2018020388 de normas reguladoras do acto de recepción e da intervención da comprobación material do investimento, o resultado da intervención da comprobación material do investimento poderá ser:

- a) Favorable ou desfavorable
- b) Favorable, favorable con observacións, desfavorable ou desfavorable con observacións
- c) Favorable, favorable con observacións ou desfavorable
- d) Favorable ou desfavorable con observacións

33. Segundo o Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027, o espazo de cooperación está conformado por:

- a) 36 NUTS3
- b) 25 NUTS3
- c) 52 NUTS3
- d) 40 NUTS3

34. Segundo o Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027, indique cal das seguintes prioridades correspóndese co obxectivo político OPI “Unha Europa máis intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente”:

- a) Avanzar na transición ecolóxica e a adaptación ao cambio climático do espazo transfronteirizo a través da cooperación como ferramenta para o fomento da economía verde e a economía azul
- b) Fomentar a cooperación para maximizar o aproveitamento dos recursos endóxenos do territorio e o desenvolvemento de iniciativas e sectores clave, avanzando na especialización intelixente
- c) Impulsar a través da cooperación transfronteiriza o desenvolvemento de estratexias multisectoriais de desenvolvemento integrado e sostible
- d) Superar os obstáculos fronteirizos mediante a aplicación dun enfoque transformador de gobernanza multinivel á cooperación transfronteiriza

35. Segundo o Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027, en relación coa comunicación e a visibilidade do POCTEP 2021-2027, indique cal dos seguintes obxectivos operativos expónse para lograr o obxectivo estratéxico de desenvolver capacidades para unha implementación e comunicación efectiva no marco dos órganos do Programa e os beneficiarios dos proxectos:

- a) Fomentar a capitalización dos resultados dos proxectos por parte dos responsables políticos
- b) Aumentar o coñecemento sobre as oportunidades de financiamento que ofrece o Programa
- c) Apoiar aos solicitantes e beneficiarios na implementación dos proxectos
- d) Difundir os beneficios de cooperación territorial europea para o espazo transfronteirizo España-Portugal

36. Segundo o Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027, indique cal dos seguintes NON é unha canle de comunicación proposta para chegar con éxito aos públicos obxectivo:

- a) Facebook
- b) Boletín Oficial do Estado
- c) Eventos, reunións, formacións e seminarios, baixo formato online, presencial ou mixto

d) Páxina Web do Programa INTERREG VI-A España – Portugal (POCTEP)

37. Segundo o art. 37 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, sobre disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) apoiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e os instrumentos de financiamento externo, cal dos seguintes sería o correcto?

- a) A totalidade ou parte dunha operación Interreg debe realizarse nun Estado membro
- b) A totalidade dunha operación Interreg pode executarse fóra dun Estado membro, pero só se non contribúe aos obxectivos do programa Interreg correspondente
- c) A totalidade ou parte dunha operación Interreg pode executarse fóra dun Estado membro, incluso fóra da Unión, sempre que a operación Interreg contribúa aos obxectivos do programa Interreg pertinente
- d) A totalidade ou parte dunha operación Interreg nunca poderase executar fóra dun Estado membro, aínda que a operación Interreg contribúa aos obxectivos do programa Interreg correspondente

38. Segundo o art. 38 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ás disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) apoiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e os instrumentos de financiamento externo, cales dos seguintes custos serían subvencionables?

- a) Multas, sancións económicas e gastos derivados de contenciosos e litixios xudiciais
- b) Gastos de doazóns
- c) Gastos relacionados coas flutuacións dos tipos de cambio
- d) Gastos de persoal

39. Segundo o art. 40 do Regulamento (UE) 2021/1059 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ás disposicións específicas para o obxectivo de cooperación territorial europea (Interreg) apoiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e instrumentos de financiamento externo, cal dos

seguintes gastos se menciona especificamente como subvencionable para os programas Interreg ?:

- a) Gastos derivados dos xuros bancarios xerados polos préstamos de proxectos.
- b) Gastos de oficina e administrativos relacionados coa xestión de proxectos.
- c) Gastos financeiros derivados das flutuacións do tipo de cambio.
- d) Impostos indirectos recuperables polo beneficiario.

40. Para a execución do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2021-2027 empregárase a plataforma Coffee-Interreg . Esta Plataforma baséase nun tríptico conxunto de conceptos interrelacionados. Cal non sería un destes conceptos?:

- a) Usuario, que é quen executa as tarefas
- b) Nodo, que é o elemento CoFFEE sobre o que se executan estas accións;
- c) Perfil, consistente en permisos de acceso segundo a responsabilidade que adquira o usuario ao realizar as súas accións nun nodo concreto.
- d) Administrador, é quen xestiona as tarefas

41. Segundo a guía de aplicación da plataforma Coffee-Interreg , cada nodo que conforma o Plan está identificado mediante un localizador alfanumérico constituído por unha cadea de texto formada pola concatenación de cada nivel da xerarquía. Dos seguintes, cal non sería explicitamente un destes niveis xerárquicos?:

- a) Nodo (N)
- b) Compoñente (C)
- c) Medida (R para reformas e I para investimentos)
- d) Proxecto (P)

42. Segundo a guía de aplicación da plataforma Coffee-Interreg , cal sería a orde do nivel xerárquico máis alto ao máis baixo?:

- a) Medida -> Compoñente -> Proxecto -> Subproxecto instrumental -> Subproxecto dependente doutro Subproxecto
- b) Compoñente -> Medida -> Proxecto -> Subproxecto instrumental -> Subproxecto dependente doutro Subproxecto

c) Compoñente -> Proxecto -> Medida -> Subproxecto instrumental -> Subproxecto dependente doutro Subproxecto

d) Compoñente -> Proxecto -> Medida -> Subproxecto dependente doutro Subproxecto -> Subproxecto instrumental

43. Segundo os Estatutos da AECT Río Miño, cal é un dos obxectivos fundamentais deste colectivo?:

a) Xestionar exclusivamente proxectos turísticos en Galicia

b) Facilitar e promover a cooperación territorial entre os seus membros

c) Supervisar directamente as administracións municipais galega e portuguesa

d) Crear empresas privadas a ambos os dous lados do río Miño

44. Segundo a Orde PRA, pola que se autoriza a participación da Deputación de Pontevedra (Galicia) na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) «Río Miño», desde que ano se autoriza a participación da Deputación de Pontevedra na citada AECT?

a) 2007

b) 2017

c) 2020

d) 2024

45. Segundo a Orde PRA, pola que se autoriza a participación da Deputación de Pontevedra (Galicia) na Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) “Río Miño”, con que outra organización participa a Deputación de Pontevedra?

a) Comunidade Intermunicipal do Ave

b) Xunta de Galicia

c) Comunidade Intermunicipal de Tâmega e Sousa

d) Comunidade Intermunicipal do Alto Minho (Portugal)

PREGUNTAS DE RESERVA

46. Segundo o art. 14 da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, aos fins desta Lei, serán criterios xerais de actuación dos Poderes Públicos (sinale a resposta incorrecta):

- a) A participación equilibrada de mulleres e homes nas candidaturas electorais e na toma de decisións
- b) A inclusión sistemática da variable de sexo nas estatísticas, enquisas e recollida de datos que leven a cabo
- c) A protección da maternidade, con especial atención á asunción pola sociedade dos efectos derivados do embarazo, parto e lactación
- d) O fomento da linguaxe non sexista na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas

47. Segundo a Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, atendendo á literalidade da lei, sinale sobre cal dos seguintes ámbitos ou sectores non poderán formularse plans sectoriais:

- a) Abastecemento e saneamento
- b) Vivendas de protección
- c) Portos pesqueiros
- d) Actividades extractivas

48. Segundo o art. 17 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia, no solo urbano non consolidado enténdese que o aumento de edificabilidade ou cambio de uso requirirá o incremento das dotacións públicas cando conleve un aumento do aproveitamento superior ao:

- a) 20% do existente
- b) 30% do existente
- c) 40% do existente
- c) 50% do existente

49. Segundo o art. 242 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non terán a consideración de modificacións do contrato de obras:

a) O exceso de medicións, entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 20 por cento do prezo do contrato inicial

b) A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 5 por cento do orzamento primitivo do mesmo

c) O exceso de medicións, entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial

d) A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos nesta Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 10 por cento do orzamento primitivo do mesmo

50. De acordo coa Orde PRA/1297/2017, do 20 de decembro, pola que se autoriza a participación da Deputación de Pontevedra na Agrupación Europea de Cooperación Territorial «Río Miño», que normativa europea establece a figura da AECT?:

a) Regulamento (CE) no 1082/2006, modificado polo Regulamento (UE) no 1302/2013

b) Directiva 2004/18/CE sobre cooperación transfronteiriza

c) Tratado de Lisboa de 2007 de cooperación territorial europea

d) Regulamento (UE) no 651/2014 sobre exencións por categorías

CONVOCATORIA	BOPPO 16/12/2024, NÚM. 43 (exp. 2024018830)
PRAZA/POSTO	PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO SEN PRAZA DUN/HA URBANISTA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL RÍO MIÑO 2024-2027"
TIPO	PRIMEIRO EXERCICIO –TEST
DATA	12/03/2025

PLANTILLA DE RESPOSTAS DO PRIMEIRO EXERCICIO (TEST)

Nº	Resposta	Nº	Resposta	Nº	Resposta
1	A	16	A	31	C
2	C	17	C	32	C
3	D	18	A	33	A
4	A	19	A	34	B
5	C	20	D	35	C
6	C	21	A	36	B
7	D	22	B	37	C
8	A	23	D	38	D
9	C	24	D	39	B
10	C	25	C	40	D
11	B	26	C	41	A
12	B	27	B	42	B
13	C	28	B	43	B
14	C	29	A	44	B
15	B	30	D	45	D

PREGUNTAS DE RESERVA:

Nº	Resposta
46	B (RESERVA)
47	C (RESERVA)
48	B (RESERVA)
49	C (RESERVA)
50	A (RESERVA)

